



## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DE 4 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA O ANO 2020.**

#### **1.-CONVOCATORIA E DURACIÓN DO CONTRATO**

Teñen por obxecto as presentes bases regular a contratación laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar. O procedemento realizarase mediante o sistema de concurso de méritos.

O/as 4 (catro) seleccionados realizarán as labores correspondentes ao seu posto de traballo no horario, en xornada distribuída por turnos, de luns a domingo segundo a organización dos horarios da Coordinadora do servizo.

Os contratos iniciaranse o 1 de xaneiro de 2020, e finalizarán o 31 de decembro de 2021.

Deste xeito, a relación rexerese pola lexislación laboral e o contrato que se lles realizará as persoas seleccionadas redactarase o abeiro do RD 2720/1998 do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Para afrontar o presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Presuposto de Gastos.

#### **2.-ÁMBITO TEMPORAL**

A bolsa de contratación creada estará en vigor ata en entrada en vigor da bolsa de emprego do Concello de Barbadás. Trala valoración realizada polo tribunal, publicaranse os resultados coas novas puntuacións, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

#### **3.- RETRIBUCIÓN.**

Ao persoal temporal corresponderanlle as retribucións íntegras do posto de traballo para o que se contrata, de conformidade coa Relación de Postos de Traballo en vigor, ou o salario equivalente no caso de que ese posto non estiver contemplado na RPT.

#### **4.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:





## CONCELLO DE BARBADÁS

a) Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Ter dipoñibilidade para trasladarse autónomamente a calquera dos domicilios dentro do ámbito territorial municipal onde se desenvolve o servizo.

d) Titulación.- Estar en posesión do Título de Certificado de Escolaridade. E ademais estar en posesión dalgún dos seguintes títulos ou certificados:

- Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio regulado no Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto.

- Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto.

- Título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou os títulos equivalentes que establece o Real Decreto 777/1998, do 30 de abril.

- Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro.

- Calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais aos referidos anteriormente, sempre que cumpran cos requisitos establecidos e sexan válidos aos sinalados no mencionado decreto 99/2012 do 16 de marzo (no que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación)





## CONCELLO DE BARBADÁS

- e) Dispoñer da formación adecuada en materia de manipulación de alimentos.
- f) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- g) Habilitación: non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

### 5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os/as interesados/as deberán presentar as solicitudes nos Rexistros Xerais do Concello ata as 14:00 horas do sétimo día hábil seguinte ao da publicación do correspondente anuncio nos Taboleiros de Anuncios, na Páxina Web do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, achegando a seguinte documentación:

- A titulación esixida para desempeñar o posto ao que se opta (aportará o orixinal ou a copia compulsada do título esixido).
- Documentos acreditativos dos puntos c) e e) dos requisitos (aportará o orixinal ou a copia compulsada).
- Fotocopia compulsada do D.N.I ou da tarxeta acreditativa da súa identidade en vigor, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas o Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Relación de méritos que alega, e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.
- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determinar a experiencia. Cómpre achegar Informe da Vida Laboral e copias dos contratos.

### 6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.





## CONCELLO DE BARBADÁS

Logo de rematado o prazo de presentación de instancias a Concellería delegada en materia de Persoal ditará unha resolución na que se aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que será exposta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Barbadás. Os/as aspirantes excluídos e omitidos disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución, para emendar o defecto que motivase a exclusión.

### 7.- MÉRITOS A VALORAR PARA A SELECCIÓN.

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

I) EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 20 puntos).

Por ter desempeñado idéntico ou similar posto de traballo tanto nas administracións públicas, como no sector privado, 0,2 puntos por mes traballado, ata un máximo de 20 puntos. A experiencia profesional acreditarase mediante un informe da vida laboral, acompañando os contratos correspondentes.

II) FORMACIÓN ESPECIALIZADA. (máximo 20 puntos).

Pola realización de cursos ou xornadas **relacionadas co contido do posto de traballo**, ata un máximo de 20 puntos. Valoraranse aqueles cursos que teñan que ver co traballo a desenvolver (rama sanitaria ou de servizos á comunidade), impartidos por organismos oficiais (Admón. Estatal, Autonómica, Concellos, Deputacións, Escolas de Formación das Comunidades Autónomas e Universidades) así como calquera formación homologada.

- a) Cursos de máis de 750 horas, 1.50 puntos por curso, ata un máximo de 6 puntos.
- b) Cursos de 456 a 750 horas, 1 punto por curso, ata un máximo de 5 puntos.
- c) Cursos de 100 a 455 horas, 0.75 puntos por curso, ata un máximo de 4 puntos.
- d) Cursos de 50 a 99 horas, 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 3 puntos.
- e) Cursos de 10 a 49 horas, 0,15 puntos por curso, ata un máximo de 1,5 puntos.
- f) Por cursos de menos de 10 horas, xornadas, diplomas, etc., 0,05 puntos, ata un máximo de 0,5 puntos.

III) POR TITULACIÓN SUPERIOR Á ESIXIDA dentro do ámbito sanitario ou de servizos á comunidade. Só se valorará o grao superior alegado.





## CONCELLO DE BARBADÁS

- Licenciado, diplomado ou Grao: 1 punto.
- Técnico Superior de FP ou equivalente: 0,5 puntos ata 1 punto.
- Técnico de FP ou equivalente: 0,2 puntos ata 0,4 puntos.

IV) POR COÑECEMENTO ACREDITADO DO IDIOMA GALEGO a través de títulos CELGA, computarase unicamente o grao superior alegado:

- . CELGA 1: 0,10
- . CELGA 2: 0,20
- . CELGA 3: 0,30
- . CELGA 4: 0,40
- . CELGA 5: 0,50

Para calquera titulación distinta das anteriores, estarase ao disposto na ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). DOG num. 34, 19 de febrero de 2014.

### 8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

- a) O tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, que serán designados pola Concellería delegada en materia de Persoal na Resolución pola que se se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.
- b) A composición dos tribunais axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ao previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril.
- c) O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto.
- d) Para a abstención e recusación dos membros do Tribunal aterase ao establecido no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE 236 de 2 de outubro de 2015).

### 9.- VALORACIÓN DE MÉRITOS, CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN.





## CONCELLO DE BARBADÁS

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia e pola seguinte orde:

- Puntuación pola orde das letras do baremo.
- Persoas que teñan recoñecido o grado de minusvalía mínimo esixido
- Solicitante de maior idade.
- Pola letra vixente no resultado do sorteo que é establecido pola Comunidade Autónoma, a efectos de procesos selectivos.

Á vista da valoración de méritos, o tribunal fará públicas as puntuacións provisionais nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello, desglosadas por cada apartado do baremo. Contra esta valoración, provisional, os/as interesados/as poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á dita publicación. Logo de resoltas as reclamacións, se as houbera, o tribunal propondrá a publicación das listas definitivas por orde de puntuación.

### 10.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

Unha vez publicadas as listas definitivas por orde de puntuación, utilizarase a lista resultante con dita orde de puntuación como bolsa de emprego cando se deba proceder a unha contratación temporal para cubrir calquera incidencia que supoña a necesidade de cobertura temporal de calquera praza do servizo. Ofreceránselle os postos de traballo aos primeiros aspirantes da listaxe, por teléfono, correo electrónico ou correo postal. Daráselle un prazo de 24 horas para que acepte ou renuncie ao posto ofertado no nº de fax: 988360401 ou no correo electrónico [administracion@barbadas.es](mailto:administracion@barbadas.es). En caso de que non exista resposta ao aviso, sobreenténdese que renuncia ao posto e poderá chamarse ao seguinte candidato/a da listaxe.

### 11.-SITUACIÓN NAS LISTAXES

Os/as integrantes das listaxes non perderán a orde de prelación que cada momento lles corresponda nestas, ata que se xere o dereito á prestación de desemprego, de tal maneira que se a contratación para a que son chamados ten unha duración inferior, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

**Unha vez rematada a contratación, o/a interesado/a pasará a ocupar o último lugar na listaxe durante dous meses, se xerou o dereito á prestación de desemprego. Finalizado o**





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

anterior período, volverá automáticamente ao lugar da listaxe que, de acordo coa súa puntuación, lle corresponda.

Os integrantes das listas que, sendo convocados para facer efectiva a contratación, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos, quedando excluídos da lista por dous meses, debendo solicitar de novo a súa inscrición, unha vez transcorrido ese prazo. Aceptarase a renuncia por: situación de baixa de maternidade/paternidade, IT por embarazo de risco, incapacidade temporal laboral, contrato laboral temporal en vigor, e/ou coidado de familiares en situación de dependencia, sempre que se acrediten debidamente.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, agás que fose unha das circunstancias citadas.

A renuncia a formar parte dunha lista, suporá que non terá efectos unha nova solicitude de admisión nesa lista, ata transcorrido o prazo de dous meses desde a data da renuncia.

No caso de que a lista careza de candidatos en activos, invalidaríase toda suspensión temporal que impida ter candidatos.

### **12.- SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTO.**

Por solicitude da persoa interesada, baixo as causas especificadas no apartado anterior de aceptación de renuncia, sempre debidamente acreditadas, as persoas integrantes das listaxes que non estén prestando servizos a través desta listaxe, poderán solicitar a suspensión de chamamento, mediante petición realizada por escrito ante o Concello de Barbadás.

A solicitude terá efectos en todas as listaxes en que esté inscrita a persoa solicitante dende o día seguinte a súa presentación, se corresponde a unha causa válida.

A suspensión manterase mentres a persoa interesada non presente solicitude de reincorporación realizada por escrito ante o Concello de Barbadás e terá efectos pasados 10 días dende a súa presentación.

### **13.- PERÍODO DE PROBA.**

Para adquirir a condición de persoal laboral temporal, o/a aspirante seleccionado/a deberá superar satisfactoriamente un período de proba, de conformidade co establecido no artigo 14 do





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

vixente R.D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Despois do proceso de selección e á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, o Alcalde, no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de contratación de persoal, subscribirá os correspondentes contratos laborais cos/as aspirantes propostos/a polo tribunal, que pasarán a ter a condición de persoal laboral de contratación temporal, sempre que supere o período de proba, a cargo deste concello.

O acordo definitivo de contratación que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

Os/as candidatos/as seleccionados/as deberán, con carácter obrigatorio e previo a súa contratación, achegar informe médico de non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas.

### **14.- INCIDENCIAS.**

Os tribunais quedarán facultados para interpretar as bases da convocatoria e para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación. Ademais, poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### **15.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

A bolsa creada entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2020. Cando entre en vigor a Bolsa Xeral de Contratación do Concello de Barbadás que regule o acceso a contratación, adaptarase o trasvase da presente lista a un sistema único, quedando incluídos na categoría que lle corresponda.

### **16.- DISPOSICIÓN FINAL**

As bases da convocatoria e os actos administrativos que deriven delas e adas actuacións do tribunal poderanse impugnar nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AA.PP.

